

### Coñece ó noso equipo: ANDRÉS FAÍÑA, Investigador do grupo C+D

Andrés Faíña é presidente honorífico do Grupo Jean Monnet de Competencia e Desenvolvemento (C+D) da Universidade da Coruña, que fundou no ano 2007.

Foi o Profesor Carlos Otero Díaz quen lle inoculou o virus da economía no ano 68, comezando a licenciatura de dereito e económicas na Universidade de Santiago de Compostela, e permanecendo vinculado á universidade á finalización dos seus estudos cun plan de formación de persoal investigador (FPI). Iniciouse tamén na informática no centro de cálculo da USC, conseguindo computar en 1985 o primeiro mapa de potenciais de poboación de Galicia. Tras varios anos como profesor non numerario ( PNN), sendo xa profesor axunto, estudou dous anos de Matemáticas.

Investigou sobre a xerarquía de necesidades e valores de consumo (implicacións de valor marxinal da renda e indicadores de carga fiscal), economía espacial e desenvolvemento rexional, e economía política da integración europea. Na Coruña, onde desenvolve a súa actividade desde os anos 90, as súas inquietudes estendéronse tamén á teoría de xogos e a economía da competencia e a política de investigación e innovación na UE (Cadeira Jean Monnet Economía Industrial Europea, 1987).

Participou como avaliador experto en política rexional en proxectos da Comisión Europea e dedícase tamén á xestión empresarial da innovación e a transferencia de tecnoloxía no Máster de Innovación e Estratexia Dixital da Empresa (título propio da UDC).



### Comeza o novo Máster en Economía, organizado polas universidades de Vigo, Santiago e A Coruña

A nova titulación dará comezo o vindeiro curso 2018/19 e conta con catro itinerarios formativos: 1) Políticas públicas e análise económica rexional (UDC); 2) Economía e sociedade (Uvigo); 3) Economía e finanzas (USC); e 4) Análise económica (nas tres universidades).



### O proxecto LitterDrone, que conta coa participación de investigadoras de ECOBAS, acada o Premio Galicia das Comunicacións

O Colexio Oficial e a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia outorgou a este proxecto, financiado polo Programa *BlueLabs* da EASME (Axencia Europea de Pequena e Mediana Empresa) o galardón ó Mellor Proxecto TIC con Beneficios Sociais.



### Académicos de diversas universidades españolas debateron en Ourense a problemática que afrontan as Empresas Familiares no I Workshop de Empresa Familiar

O evento, organizado pola Cátedra de Empresa Familiar coa colaboración do grupo GEN e ECOBAS, reuniu en Ourense a investigadores relevantes do ámbito da empresa familiar procedentes de universidades de todo o país.



### O investigador predoutoral Bozidar Vlacic, galardoado no 3º Congreso Internacional de Clusters e Distritos Industriais

Recibiu o Premio Torrecid á Mellor Comunicación Doutoral 2018 coa presentación do seu proxecto de tese doutoral, dirixido por Miguel González Loureiro, titulado *The role of managerial cognitive reasoning on the internationalization decision-making of small ventures*.

## CONVOCATORIAS ABERTAS E EVENTOS DE INTERESE

### CONVOCATORIAS NACIONAIS E REXIONAIS:

Xunta de Galicia – *Axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral*  
- Prazo de presentación de solicitudes: ata o 25 de xuño de 2018.

Fundación BBVA – *Premios Fronteiras do Coñecemento*  
- Prazo de presentación de solicitudes: ata o 28 de xuño de 2018.

Xunta de Galicia – *Axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas*  
- Prazo de presentación de solicitudes: apertura prevista próximamente.

### CONVOCATORIAS INTERNACIONAIS:

Comisión Europea- *Axudas Marie Skłodowska-Curie. Individual Fellowships*  
- Obxectivo: Mellorar o potencial creativo e innovador dos investigadores con experiencia.  
- Prazo de presentación de solicitudes: ata o 12 de setembro de 2018.

### EVENTOS DE INTERESE:

19-21 de xuño: *Obradoiro "Emprender en SoliDario. Formación cooperativa para emprendedores/as"* (Vigo)

21-22 de xuño: *8th Atlantic Workshop on Energy and Environmental Economics* (A Toxa, Pontevedra)

21-22 de xuño: *II Congreso Red Localis* (Ourense)

10-12 de xullo: *XXIII Workshop on Dynamic Macroeconomics* (Soutomaior, Pontevedra)

17-20 de xullo: *Obradoiro "Contabilidade para emprendedores/as"* (Vigo)

20-22 de setembro: *Pont Up Store 2018* (Pontevedra)